



BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “BÚBAL IV” SUBVENCIONADO POLA DA ORDE DO 7 DE FEBREIRO DE 2024 DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1.1. O obradoiro de emprego “Búbal IV”, é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, promovido polo Concello de Monterrei, xunto cós concellos de Cualedro e Oimbra, subvencionado pola Consellería de emprego, comercio e emigración.

1.2. Estas bases teñen como finalidade determinar o sistema de selección, procedemento, requisitos e baremos que serán de aplicación como normas do procedemento de selección do **alumnado traballador** do “Obradoiro de Emprego Búbal IV” de conformidade co na Orde do 7 de febrero de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.3. Na regulación deste procedemento de selección, tense en conta, ademáis, o establecido nas instrucións da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, de febreiro de 2024, en relación có procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

1.4. Segundo o establecido nas instrucións, as entidades beneficiarias da subvención solicitarán ao alumnado-traballador que se necesite mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego.

1.5. Estas bases deberán ser remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a





oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Monterrei. (www.monterrei.es)

SEGUNDA. Bases específicas para o alumnado-traballador.

2.1. Número de prazas: Vinte (20), coa seguinte distribución por concellos:

- Concello de Oimbra: 5 prazas sen titulación / 2 prazas mínimo graduado en ESO - competencia clave nivel 2.

- Concello de Monterrei: 4 prazas sin titulación / 2 prazas mínimo graduado en ESO - competencia clave nivel 2.

- Concello de Cualedro: 5 prazas sin titulación/ 2 prazas mínimo graduado en ESO - competencia clave nivel 2.

Se nalgún concello non se chega o mínimo dos candidatos, poderá ampliarse a oferta, no caso de non atopar candidatos ocuparase dita praza polo orde de puntuación.

2.2. Especialidades que se impartirán :

CÓDIGO	NOME ESPECIALIDADE	NÚM.PRAZAS
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	6
EOCB0209	Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización	7
AGAO0108	Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería	7
TOTAL PRAZAS		20

2.3. Duración do contrato: 9 meses.

2.4. Contrato laboral que se formalizará: a contratación será baixo a modalidade de "Contrato temporal para a formación en alternancia" desenvolto segundo o disposto no Real decreto 32/2021, do 28 de decembro, na que tamén se establecen as bases dos programas de emprego e formación. Non poderá, polo tanto, entrar na selección quen non poda desenvolver na especialidade correspondente un contrato dese tipo.





2.5. Xornada laboral: Completa.

2.6. Retribucións: Percibirán as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

TERCEIRA. Requisitos para poder participar como alumnado-traballador.

Os requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas, segundo o artigo 11 da orde, son os seguintes:

3.1. Ter dezaoito ou máis anos de idade.

3.2. Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.

3.3. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desenvolvemento das correspondentes funcións.

3.4. Cumprir cós requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, en aplicación do previsto na orde do 7 de febreiro de 2024.

3.5. Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.

3.6. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

3.7. Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.

CUARTA. Tribunal cualificador – Grupo de Trabajo.

4.1. Constituirase un tribunal de selección que estará formado por seis membros, integrado por un presidente, catro vogais e asistidos por un secretario que actuará con voz pero sen voto.

4.2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública.

4.3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.





4.4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

4.5. O tribunal non poderá constituírse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.

4.6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4.7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas nas leis.

4.8. As reunións do Grupo de traballo /Tribunal recolleráanse nas actas correspondentes.

4.9. Unha vez realizados a cada un dos candidatos a entrevista persoal e a baremación dos méritos, elaborárase unha prelación por orde de puntuación, da que serán propostos para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección ata o número de prazas convocadas. As restantes formarán a listaxe de reservas, que estará vixente ata a data de inicio do proxecto.

4.10. De conformidade co artigo 14 da Orde de convocatoria, as incidencias e reclamacións serán resoltas polo tribunal de selección. As súas resolucións poñen fin a vía administrativa, tendo tal carácter as listaxes definitivas

QUINTA. Procedemento de selección do Alumnado - Traballador.

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego e aprobadas as bases de selección, o Concello de Monterrei tramitará a correspondente oferta (tipo T) na Oficina de emprego de Verín, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo de traballo.

A oficina de emprego de xestión realizará unha sondaxe que terá en conta a aquelas persoas que teñan solicitado algúns dos seguintes servizos: Escola taller programa





(320), Casa de oficio (330), Taller de emprego (340) ou Outros programas de emprego formación dual (370).

No correspondente ao ámbito xeográfico, a sondaxe abranguerá aos concellos de Cualedro, Monterrei e Oimbra. O número de candidatos a convocar pola oficina de emprego:

- Mínimo: 3
- Máximo 5

A oficina de emprego remitirá o listado e datos de contacto dos candidatos á entidade promotora, quen será a encargada de comunicarlle aos candidatos o lugar, a data e hora en que deberán presentar a documentación acreditativa dos méritos, e se é o caso, comunicaráselle, a convocatoria para a realización da entrevista persoal, que será anterior á baremación de méritos.

Unha vez remitida ao Concello de Monterrei, por parte do Servizo Galego de Colocación de Verín, a relación de candidatos/as preseleccionados/as para a súa posible contratación, por resolución da Alcaldía aprobarase a relación como lista provisional de admitidos ao proceso selectivo.

A mesma resolución do alcalde conterá a composición do tribunal, o lugar, data e hora da entrevista e recollerá un prazo de tres días hábiles para a entrega de documentación do baremo do proceso selectivo.

Logo de realizar a cada un dos aspirantes preseleccionados pola oficina de emprego, a entrevista persoal, faranse públicos os resultados e logo procederase a aplicar o baremo establecido, polo cal se avaliarán as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego, publicando os seus resultados na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

5.1. Realización da **entrevista persoal**. Valórase **ata 10,00 puntos**.

Ten como finalidade avaliar o interese do candidato en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo do que se trate.





5.2. Aplicación do **baremo** do proceso de selección. Segundo os criterios establecidos na Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia os baremos de aplicación aos méritos de cada candidato serán os seguintes (**máximo 30,00 puntos**):

CRITERIOS		PUNTOS
Mulleres, en xeral		1,00 punto
Mulleres vítimas de violencia de xénero		1,00 punto
Idade	Entre 18 e 29 anos	2,00 puntos
	Entre 30 e 44 anos	1,00 punto
	Máis de 45 anos	3,00 puntos
Experiencia Laboral	Ata 12 meses	3,00 puntos
	Igual ou superior ós 12 meses	1,00 punto
Tempo de desemprego dende o último traballo (vida laboral)	Menos de 12 meses	1,00 punto
	De 12 a 18 meses	2,00 puntos
	Máis de 18 meses	3,00 puntos
Discapacidade igual ou superior ao 33%		1,00 punto
Perceptores de Risga ou outro colectivo de exclusión		1,00 punto
Emigrantes retornados		1,00 punto
Cualificación Profesional	Baixa (ata graduado en ESO)	3,00 puntos
	Media (Bacharelato/BUP e CM de Formación Profesional)	2,00 puntos
	Alta (Título universitario e CS de Formación Profesional)	1,00 punto
Perceptor de desemprego		1,00 punto





Protección por desempleo	Perceptor de subsidio, RAI ou SED	2,00 puntos
	Non perceptores	3,00 puntos
Categoría profesional no traballo inmediatamente anterior	Autónomos ou Grupo de Cotización do 1 ao 7	0,00 puntos
	Grupo de Cotización 8 ou 9	1,00 punto
	Grupo de Cotización 10	2,00 puntos
	Sen emprego anterior	3,00 puntos
Participación nun Obradoiro de emprego	Participar nun obradoiro nas convocatorias 2021/22 ou 2022/23	0,00 punto
	Participar nun obradoiro anterior á convocatoria de 2021	2,00 puntos
	Non participar anteriormente nun Obradoiro de emprego	5,00 puntos
Ter planificado no seu IPI a súa participación neste programa		2,00 puntos

Para a aplicación do baremo, as persoas candidatas cumprimentarán un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a súa exclusión do proceso de selección.

Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resolveranse aplicando os seguintes criterios, por orde de prelación:

- Non ter participado en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego ou ter participado un menor número de veces.
- Non ter experiencia laboral ou a que teñen sexa menor.
- Non ter cualificación ou a súa cualificación sexa de menor nivel.
- Parados de longa duración.
- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

SEXTA. Documentación a presentar polo Alumnado - Traballador.





Os candidatos deberán de presentar a documentación acreditativa dos méritos sinalados nestas bases e que a continuación se expresa:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Informe de vida laboral actualizado.
- Fotocopia compulsada da titulación ou certificación académica que posúe.
- Xustificante de discapacidade igual ou superior ao 33%, de ser o caso.
- Xustificante de participación en IPI, de ser o caso.
- Acreditación de ser muller vítima de violencia de xénero, de ser o caso.
- Acreditación de ser emigrante retornado, de ser o caso.
- Certificación ou resolución do SPEG ou calquera outro documento válido en dereito que acredite a protección de desemprego, de ser o caso.
- Certificado do SPEG sobre os períodos de inscrición como demandante de emprego, de ser o caso.
- Certificación dos servizos sociais do concello ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política social, que acredite a pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, de ser o caso.

SÉTIMA. Resolución do proceso selectivo e contratacións.

7.1.O tribunal selectivo elaborará en primeiro lugar a listaxe coas puntuacións correspondentes a entrevista persoal. A acta cós resultados será publicada e exposta no mesmo local onde tivo lugar a entrevista e na páxina web do Concello de Monterrei.

Nunha nova reunión do tribunal selectivo procederase á valoración, segundo o baremo de puntuación da documentación aportada dos candidatos, os cales se publicará nunha acta provisional. Na antedita acta constará un prazo de dous (2) días hábiles para os efectos de reclamacións contra as valoracións provisionais ou a exclusión do proceso. Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamacións presentaranse nas oficinas do Concello de Monterrei.

7.2. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará o nome dos candidatos propostos para o nomeamento, pola orde de puntuación acadada e con indicación da calificación obtida, de acordo co reparto de prazas por concello, que se recolle na base segunda.





7.3. De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademáis da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados. O alcalde nomeará os aspirantes seleccionados, e efectuaráse a formalización do correspondente contrato laboral.

7.4. En ningún caso o tribunal cualificador poderá propor para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

7.5. Cós aspirantes que superasen as probas, farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista.

7.6. Para efectuar esta proposta, o tribunal de selección poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convintes.

OITAVA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Monterrei, 4 de novembro de 2024.

O Alcalde,

Asdo.: José Luis Suárez Martínez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

